

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 22 DE SETEMBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteous de setembro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Anxo Collarte Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 15 de setembro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: 15/04/2008/2281-OM/136

A FRANCISCO J. ALVAREZ SEOANE, con domicilio na rúa Otero Pedrayo nº 4,3º, desta Vila, para levar a cabo as obras de Reforma de edificación para vivenda no inmobile sito na rúa Pouso nº 17, Francelos, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactado visados con data 09.04.08 e 16.06.08, polos arquitectos D. Roberto Rodríguez Martínez e Don Sergio Mascareñas Nogueiras.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Reforma de Vivenda.

Contía na que se orzan as obras: 64.423 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Pouso nº 17.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: D. Roberto Rodríguez Martínez e Don Sergio Mascareñas Nogueiras. Dirección de execución, Don Juan C. González Loeda.

Nome ou razón social do promotor: Francisco J. Alvarez Seoane..

Prazos: Os previstos con carácter supletorio polo artigo 197 da Lei 9/2002 que son os seguintes: prazo de inicio non poderá exceder de 6 meses e o de terminación de tres anos, dende a data da notificación do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 15.04.08, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 1.675 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 64.423 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. Deberá suxeitarse as condicións de abastecemento e saneamento impostos pola empresa Aqualia (Adxúntase fotocopia). Para responder da calidade na reposición de pavimento exterior en zonas de dominio público, así como en demais elementos comunitarios depositará unha fianza de 800 euros.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Lorena González Mosquera** con domicilio na rúa Alvaro Cunqueiro nº 2, 3ºB, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4512. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en rúa Aldea n 5, Francelos, a solicitude de Dona Lorena González Mosquera de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Celsa González Martínez** con domicilio na estrada de Filgueira nº 65, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4912. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito na estrada de Francelos nº 74, Francelos, a solicitude de Dona Celsa González Martínez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

3.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Manuela Rodríguez Vázquez** con domicilio na estrada do Carbaliño nº 41, San Cristovo, con número de rexistro de entrada 4810. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 15.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito no Chacoto, San Cristovo (Ref. Catas. 1342207NG7814S0001RB), a solicitude de Dona Manuela Iglesias Collarte de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

CALIFICACIONES DEFINITIVAS.-

“Visto o expediente a nome de **Dona Társila Lobarriñas Gómez**, con domicilio no na rúa Porta Nova de Abaixo nº 13, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Porta Nova de Abaixo nº 13, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”

CUALIFICACIONES PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **Dona Regina Abuín Ferreiro**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 1, 1º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Fornos nº 30, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación

obranche no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI.-

“Visto o escrito de **Don José Antonio Sánchez Martínez**, con domicilio na rúa Carlos Casares nº 2, 3º esquerda, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 1736 CXY adscrito á licenza de autotaxi nº 2, por outro novo (Peugeot 308 SW), matrícula 3796 GHB a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº2 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 3796 GHB, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 1736 CXY polo interesado deberán cumprirse tódalas dispoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolve-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Promocións Boporte S.L.**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 68, 4ªA, desta Vila, en virtude da instancia nº 4517 de data 24 de xullo de 2008, solicitando licenza municipal para o proxecto de instalación de estación emisora receptora de depósito de 2.540 litros nun inmoible sito na estrada de Francelos nº 54, deeste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro. RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais dispoicións concordantes de aplicación,acordo:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por Promocións Boporte S.L., para o proxecto de instalación de estación emisora receptora de depósito de 2.540 litros, nun inmoible sito na estrada de Francelos nº 54, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e dispoicións complementarias.-

2º.- Dar traslado do expediente completo o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, aos efectos de que se emita por este Organismo o correspondente informe”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, informe de data 12.09.08 sobre calidade sanitaria das augas de Ribadavia.

- Da Deputación Provincial de Ourense, acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2008, concedendo o Concello de Ribadavia unha subvención por importe de 10.000 euros para a organización de actividades deportivas no ano 2008 (Escolas deportivas-Curso Monitores e Arbitros-Ximnasia mantemento adultos, campionato galego de cross de veteranos e día da bici). Así mesmo a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aceptar incondicionalmente e sen ningún tipo de reservas a subvención concedida..

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONVENIO.-

“A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello e Dona Pilar Vázquez Covelas para a realización no polideportivo municipal a actividade de Ximnasia Estética”.

“A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello e o Club de Tenis Miño para o desenvolvemento de actividade de Escola Municipal de Tenis”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, pago de principal derivado de Sentencia de recurso contencioso-administrativo nº 02/4779/2002, por importe de 22.325,92 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN DE PROXECTO E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONCURSO POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, adopta os seguinte acordos:

Primeiro: Aprobar o Proxecto Básico e de Execución da actuación para “Excavación da terraza intermedia do Castelo dos Sarmientos” redactado polos arquitectos, don Miguel Angel Calvo Salve e dona Maria Jesús Blanco Piñeiro, e cuio orzamento de execución por contrata ascende a 200.000 euros.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P.. e o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante concurso pro procedemento negociado sen publicidade, das obras denominadas “Excavación da terraza intermedia do Castelo dos Sarmientos”, do Concello de Ribadavia, o cál achase no expediente e que ten as seguintes características:

CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

- 1.-Proxecto: Excavación da terraza intermedia do Castelo dos Sarmientos .
 - 2.-Presuposto: 200.000 euros (172.413,65 euros máis 27.586,35 euros en concepto de I.V.E.).
 - A) Obras anuais: 200.000 euros (Total IVE incluído)
 - 3.-Financiación: Ministerio de Cultura. A obra é financiada polo Ministerio de Cultura (Dirección Xeral de Bellas Artes e Bens Culturais).
 - 4.-Prazo de execución: 3 meses.
 - 5.-Clasificación: Grupo, K, Subgrupo 7, Categoría d.
 - 6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.
 - 7.-Prazo de presentación de proposicións: 3 días días a contar do día seguinte ó da recepción da notificación por parte dos licitadores, en horas de nove a catorce horas.
 - 8.-Garantía provisional: Non se esixe.
 - 9.-Garantía definitiva: 5% do prezo de adxudicación.
 - 10.-Taxas do contrato: Cláusula 29 do Prego.
 - 11.-Revisión de prezos: non procede
 - 12.-Control de calidade: Cláusula 30 do Prego.
 - 13.- Apertura de plicas: As 10 horas do primeiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.
- Outros datos:
- Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.
- Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

Terceiro.- Aprobar un gasto por importe de 200.000 euros.

Cuarto.- Abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO